Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

**Exp. 2021/G010/000006**

# ACTA Nº 2021/6

## SESIÓN Extraordinaria urxente DO PLENO DA CORPORACIÓN

**- Telemática. Aplicación ZOOM., xoves 25 de marzo de 2021 -**

No día de hoxe, ás 10:07 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra. Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

| |
|---|
| **ASISTEN:**<br>ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN |
| RUBEN VILLAR AGULLEIRO |
| EMILIA MARÍA TRILLO LOJO |
| JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO |
| ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA |
| ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO |
| MARÍA VICTORIA AREAS POSE |
| RAMÓN VIGO SAMBADE |
| PILAR IGLESIAS LEMA |
| MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE |
| SERXIO DOMINGUEZ LOURO |
| JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO |
| **AUSENTE:**<br>CÉSAR PÉREZ MARTÍNEZ<br>(non xustifica ausencia) |
| INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA |
| SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA |

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. **RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Sra alcaldesa: o motivo da urxencia é a presentación dun recurso por parte da asociación de pequenas empresas galegas ante o TAC Gal, temos que dar resposta en dous días hábiles que remata hoxe as duas por iso a urxencia.

**Sométese a votación a urxencia e resulta aprobada/ratificada por unanimidade dos presentes.**

2. **INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE CEE SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS GALLEGAS ANTE O TACGal E ACORDO DE DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN Nº 2020/C004/000008.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



**INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE CEE SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS GALLEGAS ANTE O TACGal E ACORDO DE DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN Nº 2020/C004/000008.**

## INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

**Nº DE RECURSO TACGal: 62/2021.**
**EXPEDIENTE Nº 2020/C004/000008.**
**OBXECTO**: Contratación harmonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.

## ANTECEDENTES

1. Aprobación expediente de contratación de referencia en sesión plenaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.
2. Publicación de Pregos na Plataforma de Contratos do Estado o 4 de marzo de 2021,con data final de presentación ofertas 16 abril de 2021.
3. Interposición de recurso especial en materia de contratación en data 12 de marzo de 2021 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ás 11:28 horas.
4. Informe do órgano de contratación emitido en data 16 de marzo de 2021 ao recurso citado anteriormente.
5. Resolución do TAC Gal de medida cautelar Nº 36/2021 de suspensión do procedemento de contratación no Recurso Nº 58/2021.
6. Interposición de recurso especial en materia de contratación por Asociación de Pequenas Empresas Galegas.
7. O órgano de contratación informa a ese Tribunal que o recorrente non solitou vista do expediente.
8. A data do presente informe, non constan proposicións presentadas na Plataforma de Contratos do Estado.

## INFORME

**En relación terceiro motivo de impugnación formulada pola recorrente:**

1.- Referente o valor estimado do contrato e o presuposto base de licitación.

Transcríbese en parte:

***TERCER MOTIVO DE IMPUGNACIÓN** referente al valor estimado del contrato y al presupuesto base de licitación (en adelante PBL).*
*(...)*
*Visto lo anterior y una vez analizados el PCAP, el PPTP y el Estudio de Costes, entendemos que las divergencias existentes en cuanto a los costes del servicio que inciden tanto en la valoración total del contrato como en su PBL son las siguientes:*
*1.Al respecto de la recogida de la fracción orgánica o biorresiduos, en el PPTP se indica que este servicio deberá plantearse por el adjudicatario en el primer año de contrato. Ahora bien, en el estudio de costes no se hace una referencia ni una estimación de los costes del mismo, no se estiman los*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



*costes de personal, medios materiales necesarios o el combustible que serían necesarios para realizar la recogida de la fracción orgánica o biorresiduos, únicamente se indica la inversión en 501 contenedores para la recogida de esta fracción.*

*Entendemos que, si se estiman necesarios 501 contenedores para la fracción orgánica, será necesario disponer de los medios (humanos y materiales) para su recogida ya sea en el primer año de contrato o bien en posteriores años, sobre todo teniendo en cuenta que la recientemente aprobada Lei 6/2021, do 17 de febrero, de residuos e solos contaminados de Galicia, establece en su artículo 3.f) que los ayuntamientos deberán instaurar antes del 31 de diciembre de 2023 la recogida separada para los biorresiduos en el servicio de gestión de los residuos municipales que presten.*

*3. Estudio de costes.*

*El estudio de costes adolece de falta de información y en algunos casos de errores de estimación de los costes, algunos ya indicados anteriormente, que suponen un importante error puesto que de dicho estudio se motiva el importe de licitación.*

*Así, se realizan las siguientes observaciones al mismo:*

*a) En el Apartado 3 se indica que se valora la implantación del contenedor marrón para la recogida separada de bio residuos, pero no se hace el cálculo del coste tanto de los medios humanos como de los materiales que serían precisos para realizar este servicio. Si bien se indica que se deberán adquirir 501 unidades de contenedores para la recogida del biorresiduo. Tal y como indicábamos anteriormente, si se estima la adquisición de contenedores para biorresiduo, se deberán estimar los medios necesarios para la recogida de los mismos.*

*(…)*

*De todo lo anterior se puede colegir que estamos ante una falta de previsión presupuestaria, bien en la consideración de costes, bien directamente por no haber sido considerados los mismos, lo que lleva a concluir que el PBL no estaría correctamente configurado, y que, por omisión, los costes no han sido valorados a precio de mercado con clara deficiencia presupuestaria del Contrato.*

*Por lo expuesto, cabría concluir que es el servicio es deficitario y que no queda garantizada la viabilidad económica del mismo para el PBL contemplado en el PCAP: existe desequilibrio económico entre los costes reales y el PBL. Y todo ello porque el órgano de contratación no ha tenido en cuenta ni considerado las circunstancias anteriores, y por ende sus costes asociados, manifestadas en el presente recurso.*

*En nuestra opinión dicha circunstancia de establecer un presupuesto y un valor de licitación por debajo de los costes del servicio a precio general de mercado, supone ir contra lo dispuesto en LCSP 9/2017. Y en concreto, supone la vulneración de sus artículos 100, 101 y 102, dado que estos imponen al órgano de contratación el deber de cuidar de que tanto el presupuesto base de licitación como el precio del contrato sean adecuados para para el "efectivo cumplimiento del contrato general de mercado directos e indirectos y otros eventuales gastos" los contratos en que los costes de los salarios formen parte del precio total del contrato, también "estimados a partir del convenio laboral de referencia".*

*Pero, además, también se produce una vulneración de los Principios que rigen en materia de contratación con el Sector Público (Artículo 1 de la LCSP 9/2017), pues la fijación de un precio acorde a los gastos reales del servicio, no solo es preciso para el cumplimiento de los preceptos de la LCSP 9/2017 que obligan a establecer un precio de mercado en los contratos, sino también para garantizar el cumplimiento de los Convenios Colectivos aplicables a los trabajadores adscritos al servicio y con ello una adecuada concurrencia de los licitadores.*

*Es evidente que en el presente procedimiento de licitación ni el valor estimado del contrato ni el presupuesto de licitación han tenido en cuenta la totalidad de los costes derivados de la prestación del servicio.*

Este órgano de contratación, constata, entre outros extremos do recurso especial plantexado, que non entra a valorar dado que o que se cita a continuación ten a entidade suficiente como para adoptar o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



desistimento da contratación, debemos reseñar que a recente Lei 6/2021, do 17 de febrero, de residuos e solos contaminados de Galicia, publicada no DOG de 25 de febreiro de 2021, cuxa entrada en vigor é os 20 días naturais da súa publicación, traducido o presente caso, no momento da aprobación do expediente de contratación, non estaba en vigor dita Lei, que como di o recurrente, trae unhas consecuencias económicas sustanciais para o cálculo do valor estimado e presuposto base de licitación, non estando incluído nos actos preparatorios do contrato o custe dos medio humans e materiais para realizar o servizo para recollida separada de bioresiduos (contenedor marrón), sendo obrigatorio conforme a Lei citada dado que no seu artigo 3.2.f) regula literalmente: *Para los biorresiduos, los ayuntamientos deberán instaurar antes del 31 de diciembre de 2023 su recogida separada en el servicio de gestión de los residuos municipales que presten*.

Este órgano de contratación, considera necesario traer a colación varias resolucións do Tribunal Administrativo central de recursos contractuales, en relación a figura do desistimento do procedemento de contratación por parte do órgano de contratación, en aplicación do artigo 152 da LCSP, que reza:

***"1.** En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».*
***2.** La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o **el desistimiento del procedimiento** podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.*
***3.** Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.*
***4.** El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación.(…)"*

Resolución nº 50/2020 do TAC Gal:

***"**O primeiro que debemos sinalar é que existe unha motivación ao respecto no acordo de desistencia cumprindo o mandato fixado pola lei, por canto ese acordo expresa a existencia de diversas deficiencias no procedemento de elaboración das condicións desta licitación que se puxeron de manifesto no preceptivo informe da Intervención:*
*"Desta redacción evidénciase que, no momento de calcular o orzamento de licitación non se tivo en conta a estimación de servizos especializados contemplados no prego de prescricións técnicas e, ademais, tampouco se contemplou como un servizo ao que os licitadores puideran presentar oferta, nin se recolleu nos criterios de*
*avaliación mediante a aplicación de fórmulas.*
*Destes feitos dedúcese que se produciu un erro, en relación coa determinación do presuposto base de licitación e unha indefinición na redacción dos servizos especializados do prego de prescricións técnicas que como sinala o informe citado, pode permitir certa arbitrariedade á hora de valorar os servizos que se requiran e dificulta a elaboración de ofertas por parte dos licitadores. Así, sendo estes erros unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato, considérase necesario*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



*acordar o desistimento do procedemento de adxudicación pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., sen prexuízo de iniciar un novo expediente de contratación."*
*Pola súa parte, e se nos centramos unicamente no irregular cálculo do orzamento ao que alude o acordo impugnado, observamos que nese orzamento da licitación que aparece desagregado no PCAP non existe ningunha mención aos servizos aí sinalados, recoñecendo o órgano de contratación como fundamento da súa desistencia que eses servizos non se tiveron en conta nese cálculo pois no "momento de calcular o orzamento de licitación non se tivo en conta a estimación de servizos especializados contemplados no prego de prescricións técnicas e, ademais, tampouco se contemplou como un servizo ao que os licitadores puideran presentar oferta, nin se recolleu nos criterios de avaliación mediante a aplicación de fórmulas". Debemos salientar a este respecto que non nos atopamos ante unha mera falta de detalle na descrición do orzamento incluída no PCAP, senón ante a manifestación de que unha parte relevante dos servizos a realizar non se incluíron nese orzamento nin no resto de condicións da licitación sinaladas polo órgano de contratación.*
*En definitiva, con vista nas específicas alegacións do recorrente e no xuízo revisor que corresponde a este Tribunal non podemos considerar como contrario a dereito o acordo de desistencia adoptado, pois sendo os servizos especializados unha parte relevante dos servizos establecidos nos pregos como "actividades que realizará a adxudicataria" o feito de que non teña logo reflexo no conxunto das dimensións ás que o acto de desistencia alude, fai que debamos dar por non irregular a actuación producida, polo que procede a desestimación do recurso presentado.(...)"*

No mesmo senso, se pronuncia o Tribunal na Resolución 88/2018 e o Tribunal Central de Recursos Contratuais: Resolución 323/2016 de 29 de abril: El desistimiento "se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurran los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato".
En idénticos términos se pronuncia a Resolución deste Tribunal 697/2018 ditada no recurso 622/2018».

Seguindo na mesma liña, conforme distintas resolucións, está xustificado o **DESISTIMENTO**, cando, entre outros motivos, exista:

1. Un erro na determinación do orzamento de execución do contrato, que influiría na retribución do contratista, e que podería determinar a imposibilidade de prestar adecuadamente o servizo, cos graves prexuízos para o interese público que iso supoñería, ao tratarse dun servizo tan esencial como a recollida de residuos.

**PRONUNCIAMENTO SOBRE MEDIDAS CUATELARES**

Non procede pronunciamento expreso, dado que consta Resolución do_TAC Gal de medida cautelar Nº 36/2021 de suspensión do procedemento de contratación no Recurso Nº 58/2021.

**SOLICITUDE DI VISTA EXPEDIENTE**
O órgano de contratación informa a ese Tribunal que o recorrente non solicitou vista do expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



## ACORDO DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Visto canto antecede, o órgano de contratación, **PLENO DA CORPORCIÓN**, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Considerar que existíu unha infracción non subsanable das normas de contratación pública no relativo o cálculo de coste dos medio humans e materiais para realizar o servizo para recollida separada de bioresiduos (contenedor marrón), que non se prevé, sendo obrigatorio conforme a Lei 6/2021, do 17 de febrero, de residuos e solos contaminados de Galicia, cuxa entrada en vigor é posterior á aprobación do expediente de contratación (26.02.2021), dado que os custes o fin e o cabo determinan entre outros conceptos o valor estimado do contrato e o presuposto base de licitación, e un erro na determinación do orzamento de execución do contrato influiría na retribución do contratista e podería determinar a imposibilidade de prestar adecuadamente o servizo, cos graves prexuízos para o interese público.

**SEGUNDO**.- En consecuencia e en virtude do disposto no artigo 152.4 da LCSP, **ACORDASE** o **DESISTIMENTO** do procedemento de licitación Nº 2020/C004/000008 para a contratación do Servizo de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbanos no Concello de Cee.

**TERCEIRO**.- Remitir o presente Informe e Acordo o TAC GAL

**CUARTO**.- Esta resolución será publicada na Plataforma de Contratación do Sector Público para coñecemento dos posibles licitadores, e a Comisión Europea será informada desta. O que se pon en coñecemento dos interesados para os efectos oportunos, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderán os solicitados interpoñer recurso especial en materia de contratación, no prazo de quince días hábiles contado desde o día seguinte ao do envío da notificación da mesma. Con todo, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso contencioso–administrativo no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao do envío desta notificación, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Así mesmo, consonte o disposto no artigo 151.3 e a Disposición Adicional 15ª da LCSP os prazos a contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso da notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación publicouse no mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación (situado na Plataforma de Contratación do Sector Público). En caso contrario desde a recepción da notificación polo interesado. decisión, consonte o disposto no artigo 152.1 da LCSP

**-----------------------------------------------------INTERVENCIÓNS-----------------------------------------------------**

Sra alcaldesa: ya se dió traslado del informe correspondiente, la propuesta es desistimiento, el motivo es que en el momento de aprobación del expediente de contratación no estaba en vigor la Lei 6/2021 de 17 de febrero de residuos solidos contaminados de Galicia que obliga a instaurar antes del 31.12.2023 la recogida de bioresiduos, el contenedor marrón, en los actos preparatorios del contrato el coste de los medios humanos y materiales para este servicio no se tuvieron en cuenta dado que no estaba en vigor la Lei ese es motivo suficiente para desistir de la contratación e incorporar los datos al estudio económico y redactar y confeccionar y corregir esos datos a los pliegos.

Sr Domínguez García: eu solo decirlle que o grupo popular ten a conciencia tranquila de haber cumplido coa sua labor de oposición responsable señalando todos os fallos que hubo e presentando

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



alternativas e solo recibimos por parte da alcaldesa sobre todo descalificacións e insultos, estamos ante o maior contrato que ten o ayuntamiento de Cee e cada vez que señalamos un fallo ou aportamos algo que creemos conveniente se nos descalifica, que temos moitos intereses que se nos vai a vida nelo e todo o que din agora as empresas parece que me estuveran escoitando porque din o que lle dixen e no último pleno dixenlle que empecemos de novo e fagamos un prego como é debido, agora lle digo, conte con nos todos antes de encargar o prego, ver que prego se encarga para non volver a caer no mesmo, parece que é imposible, non se pode ejercer o labor da oposición tan pronto dis algo te descalifican no acto, estamos colaborando incluso recursos que presentan non son para meterse con ninguen son para correxir o que está mal feito, nada mais , a nosa labor foi sempre orientada a eso, señalamos todos os fallos porque non é o único que ten este prego, xa o dixen por activa e pasiva, oye que non se me faga caso vale pero comprobar cando digo algo, coño, que esto costa traballo facelo, eu estudiei o prego, lino, os 100 euros que cobro, os ganos, non os levo, podía chegar aqui e votar a favor ou en contra e punto, no , facemos o noso traballo e se nos descalifica, hoxe polo menos reconoza o error e o mesmo tempo que cando decimos algo se nos escoite.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez, mire no hubo descalificaciones ni insultos en ningún momento por parte de la alcaldesa al portavoz del grupo popular, los técnicos del Concello conforme consta en el expediente hay un informe favorable al pliego, usted hizo una propuesta, enmienda no porque no se podía aceptar, se emitió un informe también de los técnicos de este Concello que era desfavorable, no hay insultos ni descalificaciones el motivo de desistimiento es el que dije con anterioridad, por la entrada en vigor de esta nueva ley, en relación al resto de motivos que se alegan podían plantearse, tenemos derecho a contestar, tienen evidentemente defensa en cuanto a la argumentación jurídica de fondo pero es suficiente la entrada en vigor de esta ley el 9 de marzo para desistir del procedimiento e incorporar dichos datos, no hay insultos ni descalificaciones por parte de esta alcaldesa en relación a usted.

Sr Dominguez García: cando se me decía que me iba a vida co tema, que eu decía o mesmo cos que presentaban alegacións, que era eso? porque insisto cuando yo decía, que faltaba a seguridade social que estaba interrumpindo o goberno, cando decía que no se tiña en conta o contenedor marrón o coste do servicio que agora din tamén, bloqueaba o goberno e sen embargo se ve que tiña razón, o final este recurso me está dando a razón en todo canto eu dixen e eu non o decía por mal sencillamente para que se fixeran as cousas ben, como levabamos 4 comisións eran moitas e non podía ser, oye as comisións hai que facer as que haxa que facer, porque volvo repetir é o maior contrato que vai facer o ayuntamiento e que este contrato se faga ben ou mal que este prego vaia ben ou mal feito vai depender o que despois vamos pagar a sogama, si o facemos mal, ten en conta, que este prego si se fai mal vamos ir o bolsillo dos de Cee, ten que quedar claro e a nosa labor todas as obxecións que fixemos e fallos que detectamos no prego eran orientadas a non ir o bolsillo os veciños de Cee, volvo a repetir moi lexos de facerme caso, se me descalificaba e insultaba, nada mais, espero que agora no que se faga de novo se conte con toda a oposición, e cando se di algo, oye, que eu tampouco quero que se me faga caso en todo pero que se comprobe, nada mais.
Sra alcaldesa: mire se han hecho las comprobaciones correspondientes a sus manifestaciones y reitero que hubo informe negativo por secretaria y no hay insultos ni descalificaciones solo le recuerdo uno que me dijo en una sesión plenaria, sabe lo que me dijo: *esta rapaza non está ben*, eso fue lo que usted me dijo y está recogido en el acta, así que no entremos en insultos, mire Sr Domínguez no lleva a ninguna parte, nuestra obligación es resolver problemas por y para Cee, y esta es nuestra obligación, no hay insultos ni descalificaciones.
Sr Domínguez García: eu sempre a tratei co maior dos repetos, sempre, cousa que usted conmigo nunca.
Sra alcaldesa: esto está recogido en un acta y le diré luego donde.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Sr Domínguez García: si o fixen que non recordo, lle pido perdón, mil perdóns, e non volverá a ocurrir, lo siento mucho no volverá a ocurrir.
Sra alcaldesa: perfecto, muchas gracias Sr Domínguez.
Sr Vigo: simplemente decir que evidentemente vamos apoiar a proposta da alcaldía e si pedimos que en aras a unha maior axilidade todo o que non se cuestiona dos pregos que xa aprobamos, que traballamos durante tanto tempo se manteñan e se pida a esta asociación que presenta as alegacións que faga unha proposta de prego no que plantexe ou sobre os puntos que son obxecto desta alegación e que provoca a desestimación da contratación, e logo ver nos si nos convencen ou non ou si hai que facer algunha outra modificaion sobre unha base firme.
Sra alcaldesa: tendré en cuenta su propuesta Sr Vigo.

**------------------------------------------------------------------VOTACIÓN---------------------------------------------**

**Sométese á votación o informe e acordo de desistimento e resulta aprobado por 11 votos a favor dos grupos políticos PSOE, PP, IXCee e Grupo Mixto e 1 abstención do grupo político BNG.**

Ás 10:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

O alcalde, Margarita Lamela Louzán

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 25/03/2021 13:56:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 26/03/2021 13:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9RwjZwj+vBhiLASbkzJh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)